

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

**12463** *Orde ICT/971/2020, do 15 de outubro, pola que se desenvolve o Programa de renovación do parque circulante español en 2020 (Plan Renove 2020) e se modifica o anexo II do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego.*

O Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, regulou o procedemento para a concesión directa de axudas, en forma de subvencións correspondentes ao Programa de renovación de vehículos 2020 (Programa Renove 2020).

Na disposición derradeira oitava do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, facúltase a ministra de Industria, Comercio e Turismo para modificar o contido do anexo II: Plan Renove 2020, así como para ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a correcta aplicación das disposicións contidas nos artigos 38 a 52 relativas ao Programa de renovación do parque circulante español en 2020 (Plan Renove 2020).

No proceso de elaboración desta orde e durante o tempo transcorrido desde a publicación do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, recibíronse numerosas consultas procedentes de asociacións, empresas e cidadáns na caixa de correo oficial habilitada para tal efecto no portal web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Por outro lado, tamén se tiveron en conta a actividade que ten que realizar a entidade colaboradora na xestión do plan, as necesidades propias do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a xestión das solicitudes e os requisitos e as condicións que se lles exixirán ás entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais como posibles candidatas a ser seleccionadas para a execución de tal función. Adicionalmente, tamén se desenvolveu o sistema electrónico de xestión das solicitudes das axudas, considerando as posibilidades e as alternativas que estes sistemas poden ofrecer.

Tras toda esta información recibida, resulta conveniente desenvolver determinados aspectos incluídos no Plan Renove 2020 para adaptalo e melloralo, co fin de que a posterior xestión das solicitudes de axuda sexa máis áxil e eficaz.

Esta orde ministerial adecúase aos principios de boa regulación, en cumprimento do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e da potestade regulamentaria.

De conformidade cos principios de necesidade e eficacia, esta orde fundaméntase no interese xeral que supón, nas circunstancias sociais e económicas excepcionais polas que atravesamos o sector de automoción español, poder adoptar medidas adicionais para auxiliar estas necesidades. Esta orde constitúe o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

Esta norma cumpre co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr o obxectivo de minimizar o impacto na actividade económica ante a situación excepcional actual sen que supoña medidas restritivas de dereitos ou máis obrigacións aos destinatarios.

Así mesmo, garántese o principio de seguridade xurídica en canto que esta iniciativa normativa se exerce de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto nacional como da Unión Europea, seguindo os principios reitores da política social e económica.

O principio de transparencia está garantido, xa que se cumpren os trámites de información e audiencia públicas que dan participación aos axentes implicados, ademais de procederse á información pública a través da publicación na páxina web do departamento.

Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, este proxecto de orde ministerial non establece carga administrativa suplementaria que non se encuentre xustificada e resulte a mínima e, en todo caso, proporcionada, en atención á particular situación existente e á necesidade de garantir o principio de eficacia na aplicación das medidas reguladas.

O proxecto conta co informe da Avogacía do Estado no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

De acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### **Desenvolvemento para a correcta aplicación dos artigos 38 a 52 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego**

#### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Para que as operacións de *renting* e de *leasing* financeiro a que fai referencia o número 3 do artigo 38 poidan ser obxecto da axuda, estas operacións deberán levar consigo necesariamente a compra por parte da empresa arrendadora dun vehículo novo a un concesionario ou punto de venda en España.

2. Para que a adquisición dos vehículos seminovos a que fai referencia o número 4 do artigo 38 poida ser obxecto da axuda, estes deberán ter sido matriculados por primeira vez a nome do concesionario con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020. Non serán admisibles aqueles vehículos que fosen matriculados con anterioridade a esa data.

#### *Artigo 2. Compatibilidade e concorrencia das subvencións.*

1. Para os efectos da declaración responsable de axudas «de minimis» que o solicitante debe presentar, de acordo co disposto no número 4 do artigo 39, e segundo o artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas «de minimis», consideraranse como unha única empresa todas as sociedades que teñan, polo menos, un dos seguintes vínculos entre si:

- a) unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa;
- b) unha empresa ten dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control doutra sociedade;
- c) unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato realizado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa;
- d) unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo realizado con outros accionistas ou socios da segunda, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.

2. Sen prexuízo do disposto no número 3 do artigo 39, no caso de concorrencia de subvencións, a suma dos importes das axudas concedidas non poderá ser superior ao custo de adquisición do vehículo subvencionado, e deberá respectar sempre os límites establecidos nas disposicións da Unión Europea en materia de axudas que lle sexan de aplicación. Para estes efectos, o solicitante declarará responsablemente no formulario de solicitude que se cumpren estas circunstancias.

#### *Artigo 3. Vixencia do programa e prazos para a presentación de solicitudes.*

O período de duración do programa desde o 15 de xuño de 2020 ata o 31 de decembro de 2020, definido no número 1 do artigo 42, entenderase como o prazo para a presentación de solicitudes de axuda que permita realizar a súa reserva, sempre que non se esgotase

o orzamento do programa. Con posterioridade ao 31 de decembro de 2020 non será posible presentar novas solicitudes e só se admitirá a documentación xustificativa correspondente da operación. Igualmente, ás 00:00 horas do 1 de xaneiro de 2021 quedarán anulados todos os expedientes en lista de espera.

#### Artigo 4. *Xestión das axudas.*

A xestión das axudas regulada no artigo 44 realizarase a través dun sistema electrónico de xestión e coas garantías exixidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na restante normativa reguladora da Administración electrónica. Todas as referencias ao procedemento electrónico en que se cita a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, deben entenderse realizadas á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 5. *Formalización e presentación de solicitudes.*

Na colaboración do punto de venda regulada no segundo parágrafo do número 1 do artigo 45, no caso de que o solicitante sexa unha persoa física, os concesionarios, puntos de venda en España e axencias de venda poderanlle facilitar os medios electrónicos que lle permitan tramitar a solicitude de axuda, se o solicitante así o require.

Os concesionarios, puntos de venda en España, axencias de venda e empresas de *renting* e *leasing* poderán, así mesmo, ser representantes para estes efectos, acreditando a dita condición mediante a presentación da autorización correspondente.

#### Artigo 6. *Resolución e pagamento das axudas.*

O pagamento da axuda ao beneficiario establecido no número 4 do artigo 46, ou no caso de operacións de *renting*, realizarase á empresa de *renting* mediante transferencia a unha conta bancaria ao seu nome.

## CAPÍTULO II

### **Modificación do anexo II: Plan Renove 2020 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego**

#### Artigo 7. *Modificación do anexo II: Plan Renove 2020*

O anexo II: Plan Renove 2020 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícanse as letras a), b) e c) do artigo 1.1, coa redacción seguinte:

«a) As subvencións obxecto deste programa destinaranse á adquisición directa ou á adquisición por medio de operacións de arrendamento (*renting* -tamén chamado *leasing* operativo- ou *leasing* financeiro) de vehículos novos, entendendo como tales aqueles procedentes de fábrica, matriculados por primeira vez en España, a nome do destinatario último da axuda. Nos casos de *renting*, a empresa arrendadora deberá adquirir o vehículo novo dun concesionario ou punto de venda en España, matriculalo ao seu nome e, posteriormente, arrendarlllo ao beneficiario da axuda. Ademais, a data de factura de compravenda e a data de matriculación será do 15 de xuño de 2020 ou posterior. O pagamento do prezo do vehículo, incluído o aboamento de posibles cantidades á conta ou baixo calquera outro concepto, deberá ser realizado igualmente o 15 de xuño de 2020 ou posteriormente.»

«b) As subvencións recollidas neste programa tamén se destinarán á adquisición directa dun vehículo seminovo. O dito vehículo deberá estar previamente en posesión dun concesionario ou punto de venda en España e estar matriculado

en España por primeira vez ao seu nome con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020. Non serán admisibles os vehículos que fosen matriculados con anterioridade á dita data. Ademais, e ao igual que un vehículo novo, a data de factura de compravenda será igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020. O pagamento do prezo do vehículo, incluído o aboamento de posibles cantidades á conta ou baixo calquera outro concepto, deberá ser realizado igualmente nesa data ou con posterioridade a ela.»

«c) No caso das axudas que se concedan para a adquisición de vehículos homologados como GLP, GNC, GNL ou bifuel gasolina-gas, entenderase por vehículo novo aquel procedente de fábrica ou transformado e garantido baixo o control do fabricante a través da súa rede autorizada e matriculado por primeira vez en España a nome do destinatario último da axuda, salvo nos casos de *renting*, en que poderá estar matriculado a nome da empresa de *renting*.»

Dous. Modifícase a letra d) do artigo 1.4, coa redacción seguinte:

«d) No caso de adquisición de vehículos novos ou seminovos dos reflectidos na letra b) do punto 1 deste mesmo artigo, de categorías M1 e N1, será requisito necesario que o adquirente titular do vehículo subvencionable acredite a baixa definitiva en circulación dun vehículo matriculado en España, sendo o seu titular no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, mediante a presentación do correspondente certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo con data posterior ao 15 de xuño.

O vehículo dado de baixa definitiva que se terá que desmantelar deberá ser, indistintamente, de categoría M1 ou N1 e estar matriculado en España con anterioridade ao 15 de xuño de 2020. A antigüidade do vehículo deberá ser maior de dez anos no caso da categoría M1, e maior de sete anos no caso da categoría N1. Para efectos de antigüidade dos vehículos, considerarase desde a súa data de primeira matriculación ata a data de solicitude de axuda, ou ata a data de matriculación do novo vehículo adquirido se esta última é anterior. Adicionalmente, e independentemente da súa categoría, o vehículo que se vaia desmantelar deberá ter tido en vigor a inspección técnica de vehículos (ITV) cando menos na data do 14 de marzo de 2020, que é a data da publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O destinatario último da axuda deberá, ademais, ter a titularidade do vehículo desmantelado ben de xeito único, ben conxuntamente con outros titulares, cando menos durante os doce meses anteriores á data de solicitude da axuda, así como presentar o último recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica, debidamente aboado, cando menos, desde 2019. Non será válida a acreditación da baixa dun vehículo cuxa titularidade, ben illadamente ben conxuntamente con outros titulares, non sexa a do solicitante da axuda.»

Tres. Modifícase o número 7 do artigo 1, coa redacción seguinte:

«7. No marco deste programa establécese un límite de adquisición de vehículos por parte dun mesmo beneficiario de ata un máximo de trinta vehículos para o caso de entidades privadas con personalidade xurídica, e as ditas entidades deberán presentar unha solicitude diferente por cada vehículo que vaian adquirir. Para o caso de persoas físicas e profesionais autónomos, establécese un límite dun vehículo por beneficiario. Os límites de axuda por beneficiario serán os indicados no conxunto das distintas categorías obxecto de apoio, salvo que o dito límite deba ser menor por ter alcanzado o solicitante o límite de axudas establecido no Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.»

Catro. Modifícase a letra b) do artigo 3.1, coa redacción seguinte:

«b) Categoría N1.

	MMTA (kg)	Contía axuda estatal (€)		
		Particulares ou autónomos	Peme	Grande empresa
CERO	Menos de 2.500	4.000	3.200	2.800
FCO		1.200	950	850
C		1.000	800	700
CERO	2.500 ou máis	4.000	3.200	2.800
LCO		2.700	2.200	1.900
C		2.100	1.700	1.500

Aos vehículos pertencentes á categoría M1 con carrozaría AF multiúso definidos no artigo 1.4.b) corresponderanlles as contías de axuda da categoría N1 con MMTA menor de 2.500 kg»

Cinco. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 3, coa redacción seguinte:

«2. Ás contías anteriormente indicadas aplicaráselles unha única axuda adicional de 500 euros, non acumulable, en función de que se lle poida aplicar algún dos seguintes criterios:

a) Beneficiarios con mobilidade reducida. Para os casos de adquisición de vehículos de categoría M1 por destinatarios últimos que sexan persoas con mobilidade reducida e vehículo adaptado ou que se adapte para a súa condución, sempre que a adaptación conste na ficha técnica do vehículo adquirido, incrementarase a contía da axuda nun importe de 500 euros. Este incremento tamén se aplicará á adquisición de vehículos de categoría N1 por parte de profesionais autónomos que sexan persoas con mobilidade reducida e vehículo adaptado ou que se adapte para a súa condución.

b) Beneficiarios que pertencen a fogares cuns ingresos mensuais inferiores a 1.500 euros. No caso de que o solicitante sexa unha persoa que pertenza a un fogar cuns ingresos mensuais inferiores a 1.500 euros e se acredite tal punto mediante declaración responsable no cuestionario de solicitude, incrementarase a contía da axuda en 500 euros na adquisición dun vehículo da categoría M1 ou N1. Para os efectos de definir a dita situación observaranse os seguintes criterios:

1) Entenderase por fogar o concepto definido como unidade familiar na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

2) Para os efectos mencionados anteriormente sumaranse, se é o caso, as contías correspondentes a todos os membros da unidade familiar segundo a definición do punto anterior.

3) Considerarase a contía da base impositiva xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, relativa ao último período impositivo de que teña constancia a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, no caso do País Vasco e Navarra, as axencias forais correspondentes, de acordo coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada territorio foral.

4) Se o solicitante ou calquera dos integrantes da unidade non presentasen declaración por non estaren obrigados a iso conforme a normativa aplicable, partírase dos datos que consten na axencia correspondente, e deberanse ter en conta os seguintes conceptos para os efectos do cálculo:

- i. Rendementos do traballo.
  - ii. Rendementos do capital inmobiliario.
  - iii. Rendementos do capital mobiliario.
  - iv. Rendementos de actividades económicas.
  - v. Ganancias e perdas patrimoniais.
- c) Axuda adicional por desmantelamento de vehículos de máis de 20 anos.

Para os casos de adquisición de vehículos de categoría M1 ou N1 por destinatarios últimos que sexan persoas físicas ou profesionais autónomos, incrementarase a contía da axuda nun importe de 500 euros sempre e cando se desmantele un vehículo das ditas categorías de máis de vinte anos de antigüidade. En calquera caso, o vehículo desmantelado deberá cumprir as condicións recollidas no artigo 1, punto 4.d), deste anexo.»

«3. Na adquisición dun vehículo das categorías M1 e N1, establécese para os concesionarios e puntos de venda que subministren o vehículo ao beneficiario final da axuda mediante adquisición directa, ou ben que subministren á empresa de *renting* ou de *leasing* financeiro o vehículo novo para o seu arrendamento ao beneficiario final, a obriga de realizar un desconto adicional á contía da axuda estatal, cando menos, da mesma cantidade. Non obstante, en ningún caso será exixible un desconto superior a 1.000 euros, aínda que a axuda supere esa cifra. En calquera caso, o dito desconto deberá reflectirse na factura de venda do vehículo adquirido emitida por parte do concesionario ou punto de venda en España ao destinatario último da axuda nos casos de adquisición directa ou ao arrendador nos casos de operacións de arrendamento financeiro (*leasing*), ou á empresa arrendadora nos casos de operacións de arrendamento operativo (*renting*), de forma específica e desagregada, sinalando a expresión «desconto aplicado por Programa Renove». Nas operacións efectuadas entre o 15 de xuño e o 6 de xullo de 2020, o concesionario ou punto de venda non terá a obriga de realizar o dito desconto adicional, nin tampouco se terá que reflectir na factura de venda do vehículo adquirido. O beneficiario final do dito desconto será, nos casos de adquisición directa, o comprador do vehículo, e o arrendatario nos casos de operacións de arrendamento financeiro (*leasing*), ou operacións de arrendamento operativo (*renting*), dun vehículo novo.

Aplicarase a obriga de realizar o desconto adicional definido no parágrafo anterior tamén nos casos dos vehículos seminovos definidos no artigo 1.1 b) e para os vehículos transformados definidos no artigo 1.1 c).»

Seis. Modifícanse as letras c) e d) do artigo 4.1, coa redacción seguinte:

«c) Tras cubrir todos os datos necesarios, a solicitude inicial de axuda cargarase na aplicación informática, co que quedará rexistrada e se realizará automaticamente unha reserva de orzamento asociada a ela e polo importe que lle corresponda. Xunto coa dita solicitude, o solicitante deberá cargar documento acreditativo de pedido do vehículo, así como documento xustificativo de pagamento do sinal económico entregado. O dito sinal, no caso de que a operación se realice con posterioridade a esta orde, deberá ser, cando menos, da mesma contía que a axuda estatal solicitada, sen ter en conta para o seu cálculo o desconto do concesionario nin as posibles axudas adicionais estatais, e sen que sexa necesario que supere os 1.000 euros, agás que as partes así o acorden ou o concesionario así o exixa para formalizar o pedido. No caso de que o vehículo sexa financiado na súa totalidade, non será necesario o dito sinal; neste caso, deberá achegar documento xustificativo

deste aspecto. No caso de operacións de arrendamento (*renting e leasing* financeiro) tampouco será necesaria a presentación de documento xustificativo de pagamento do sinal económico. Neste caso, a empresa arrendadora facilitará ao cliente un certificado en que declare que cursou o pedido ao concesionario e en que figuren os datos de referencia deste último (cando menos NIF, razón social e enderezo), a data do pedido, así como os datos de referencia do vehículo pedido (cando menos marca, modelo e versión).

Tras iso, o solicitante recibirá un correo electrónico dirixido ao enderezo achegado para tal efecto, que confirme a dita solicitude inicial, así como o importe de axuda asignado a esta.

d) Unha vez realizada a solicitude inicial e cargada a documentación indicada no punto anterior, o solicitante disporá de cento vinte días naturais no caso de vehículos M1 e N1 e de motocicletas L3, L4, L5 e L3e, L4e e L5e, e de cento oitenta días naturais no caso de vehículos N2, N3, M2 e M3, para completar a solicitude e cargar na aplicación informática toda a documentación correspondente, segundo se indica no artigo 5. Tras completar a solicitude e cargar o resto da documentación exixida, esta quedará pendente de revisión e validación por parte do órgano xestor.»

Sete. Modifícanse os números 2, 4, 5 e 6 do artigo 4, coa redacción seguinte:

«2. A axuda encóntrase condicionada á veracidade de todos e cada un dos datos cubertos no documento de solicitude. En caso de anulación voluntaria da solicitude de axuda por parte do solicitante, esta tramitarase mediante a aplicación informática, segundo o procedemento habilitado dentro dela para tal efecto.»

«4. En aplicación do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación de calquera documentación xustificativa complementaria á solicitude achegarase mediante copia dixitalizada, cuxa fidelidade co orixinal se garantirá mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada.»

«5. O órgano instrutor poderá requirir ao solicitante a exhibición da documentación orixinal en calquera fase do procedemento. A dita documentación deberá conservarse, como mínimo, durante un prazo de catro anos a partir da data de resolución de concesión e mentres non prescriba o dereito da Administración a exixir o reintegro, segundo o previsto no artigo 39 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Procederá, se é o caso, o reintegro da axuda correspondente concedida ao beneficiario se este non presenta tales orixinais nun prazo máximo de 15 días, contados desde o día seguinte a que esta llo requirise en tal sentido; tal circunstancia considerárase como un incumprimento da obriga de xustificación do destino da axuda outorgada.»

«6. A presentación da solicitude comportará a conformidade do solicitante para recibir todas as comunicacións e notificacións que se realicen ao longo da tramitación do expediente por medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Oito. Modifícase o artigo 5, coa redacción seguinte:

«Artigo 5. Documentación que hai que presentar.

1. Xunto co formulario inicial de solicitude de axuda, deberase achegar a seguinte documentación dixitalizada, o que posibilitará a reserva de orzamento ao dito solicitante e vehículo. Os ficheiros electrónicos que se acheguen deberán estar en formato PDF (Portable Document Format):

a) No caso de que o interesado así o considere, autorización do interesado a un terceiro como representante que o habilite para presentar a solicitude no seu nome, así como para a xestión da documentación exixida e para recibir notificacións.

b) No caso de ser unha entidade, acreditación de poderes do asinante da solicitude da axuda como representante da entidade. Aceptarase un certificado do Rexistro Mercantil ou, na súa falta, poder notarial. Tamén serán válidas as escrituras de constitución da entidade xunto coas súas modificacións debidamente rexistradas.

c) No caso de existir pedido, documento xustificativo de pedido de vehículo novo. Só será obrigatorio achegalo no caso de que o vehículo obxecto da subvención sexa novo, non sendo necesario no caso de adquisición de vehículos seminovos, ou de operacións de arrendamento (*renting* e/ou *leasing*). O modelo poderase descargar desde a propia aplicación informática cando estea habilitada. Para todos aqueles pedidos que se efectuasen antes da posta en marcha da aplicación informática non será necesario descargar nin achegar o dito modelo, e será só necesario achegar, se é o caso, un documento de pedido que conteña, cando menos, os seguintes campos:

- i. Datos necesarios que permitan identificar o concesionario/punto de venda/axente de venda.
- ii. Datos necesarios que permitan identificar o comprador do vehículo.
- iii. Data do pedido.
- iv. Contía do sinal entregado á conta polo pedido do vehículo. No caso de que o vehículo sexa financiado na súa totalidade, non será necesario reflectir a contía do sinal.
- v. O documento deberá ir asinado por un representante do concesionario/punto de venda/axente de venda e polo comprador do vehículo.

d) Se é o caso, documento xustificativo de pagamento do sinal económico entregado ao concesionario/punto de venda/axente de venda. Este documento só será obrigatorio achegalo no caso de que o vehículo obxecto da subvención sexa novo. Non será necesario no caso de adquisición de vehículos seminovos, de operacións de arrendamento (*renting* e/ou *leasing*), ou no caso de que o vehículo sexa financiado na súa totalidade. Neste último caso, en lugar do documento xustificativo do pagamento do sinal, será necesario achegar un documento xustificativo de solicitude de financiamento pola totalidade do importe do vehículo que aparece no pedido e asinado por ambas as partes.

Para garantir a súa rastrexabilidade, os pagamentos do vehículo deberá realizalos o beneficiario, ou a empresa de *leasing* financeiro, se é o caso, ao mesmo concesionario vendedor, punto de venda, ou ben a un axente de venda que teña unha relación contractual con algún dos anteriores.

e) No caso dunha operación de arrendamento, en lugar dos documentos das letras c) e d) deberase achegar un documento xustificativo que a empresa de *renting* e/ou *leasing* debe cubrir certificando que realizou o pedido do vehículo. Ao igual que no caso anterior, o modelo poderá descargarse desde a propia aplicación informática cando estea habilitada. Para todos aqueles pedidos que se efectuasen antes da posta en marcha da aplicación informática non será necesario descargar nin achegar o dito modelo; será só necesario achegar un documento de pedido, que deberá ir asinado por un representante da empresa de *renting* e/ou *leasing*, e que conteña, cando menos, os seguintes campos:

- i. Datos necesarios que permitan identificar a empresa de *renting* ou *leasing* (arrendador).
- ii. Datos necesarios que permitan identificar o arrendatario.
- iii. Data do pedido.
- iv. Datos necesarios que permitan identificar o concesionario ou punto de venda provedor do vehículo.

2. Unha vez realizada a solicitude inicial, e no caso de que esta puidese acceder a reservar a axuda do crédito dispoñible, as solicitudes de axuda completaranse coa seguinte documentación dixitalizada, nun prazo de cento vinte



días naturais no caso de vehículos M1 e N1 e de motocicletas L3, L4, L5 e L3e, L4e e L5e, e de cento oitenta días naturais no caso de vehículos N2, N3, M2 e M3. Do mesmo modo que no punto anterior, os ficheiros electrónicos que se acheguen deberán estar en formato PDF:

a) Cando se supere un importe de 3.000 euros na axuda ou axudas que puidesen ser outorgadas a un mesmo solicitante ou interesado, este estará obrigado a achegar certificado de estar ao día nas obrigas tributarias expedido para tal efecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e de estar ao día nas obrigas fronte á Seguridade Social, conforme o previsto polo artigo 22 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. O dito certificado deberá ter sido expedido con data posterior á publicación do real decreto lei no «Boletín Oficial del Estado».

b) No caso de empresas e de profesionais autónomos, certificado de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

c) No caso de persoas físicas que acrediten a súa mobilidade reducida, o beneficiario deberá achegar o certificado que emiten os responsables dos órganos competentes na materia das comunidades autónomas ou das direccións territoriais do Imsero.

d) Factura de venda do vehículo, con data igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020. Non serán admisibles as autofacturas.

A factura deberá reflectir o desconto no prezo de adquisición a que se refire o artigo 3, punto tres, deste anexo, realizada polo concesionario ou polo punto de venda no momento de realizar a venda do vehículo.

Na factura, que deberá estar asinada e selada polo concesionario ou polo punto de venda, deberán constar os seguintes conceptos:

- i. Prezo franco fábrica.
- ii. Outros custos.
- iii. Desconto obrigatorio do concesionario ou do punto de venda (só para venda posterior ao 7 de xullo de 2020, o dito desconto deberase reflectir, antes de IVE ou IXIC aplicable, sinalando de forma específica e desagregada «desconto aplicado por Programa Renove 2020».
- iv. Outros posibles descontos.
- v. Base imponible.
- vi. IVE ou IXIC aplicable.
- vii. Prezo despois de impostos.
- viii. Total que deberá pagar o beneficiario adquirente ou a empresa de *renting* ou *leasing* adquirente, se é o caso.
- ix. Matrícula ou número de bastidor.
- x. Marca, modelo e versión do vehículo adquirido.
- xi. NIF do beneficiario adquirente, ou da empresa de *renting* ou *leasing* adquirente, se é o caso.
- xii. Concesionario emisor da factura.

Non será necesario que o importe reflectido no documento do pedido coincida exactamente co importe total da factura; non obstante, a factura deberá recoller de xeito claro e desagregado os distintos conceptos e contías, de maneira que sexa identificable e diferenciable o vehículo do resto de conceptos ou servizos. Unha vez desagregado, o prezo do vehículo si deberá coincidir co prezo sinalado no pedido, así como co prezo consignado na solicitude.

Para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos, a emisión da factura de venda deberá realizala o concesionario ou punto de venda.

En caso de que a data da factura sexa posterior á entrada en vigor da orde, esta factura deberá incluír a seguinte referencia: "Este vehículo será susceptible de ser apoiado polo Programa Renove 2020, sempre e cando se cumpran os requisitos

recollidos no Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego".

En todo caso, a factura de venda deberá cumprir co disposto polo Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

e) Documentos xustificativos do pagamento da factura de compravenda do vehículo. Admitiranse todos os xustificantes de pagamento que permitan identificar o vehículo obxecto da subvención. Consideraranse válidos aqueles xustificantes de pagamento que permitan identificar:

i. O beneficiario ou a empresa arrendadora (*renting* ou *leasing*), se é o caso: debe quedar claro que o único pagador é o destinatario final da axuda, ou ben a empresa de *renting* ou *leasing*.

ii. O concesionario, punto de venda ou axencia de venda que percibe as cantidades pagadas.

iii. A data de pagamento (data valor) ou saída efectiva dos fondos do beneficiario ou empresa de *renting* ou *leasing*.

iv. O vehículo obxecto da subvención.

No caso de operacións de arrendamento (*renting* e *leasing*), tamén se admitirá, en lugar do documento xustificativo do pagamento da factura de compravenda do vehículo, un certificado asinado pola compañía de *renting* ou *leasing* en que se acredite que se efectuou o pagamento da dita factura.

Segundo se establece no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non se poderán pagar en efectivo as operacións en que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500 euros. Para os efectos do cálculo deste límite, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagamentos en que se puidese fraccionar a entrega de bens.

f) No caso de que unha axencia de venda interviñese como intermediadora entre o beneficiario final da axuda e o concesionario ou punto de venda nas operacións de pedido do vehículo do anterior punto 1, letra c), de pagamento do sinal económico do anterior punto 1, letra d), ou de pagamento da factura de compravenda do vehículo da anterior letra e) do presente punto, deberase achegar un documento en que se recoñeza a relación contractual entre a dita axencia de venda e o concesionario ou punto de venda subministrador do vehículo, asinado por ambas as partes. Ao igual que nos casos anteriores, o modelo poderase descargar desde a propia aplicación informática cando estea habilitada.

Así mesmo, no caso de adquisicións mediante arrendamento de *leasing* financeiro, deberase achegar un documento en que se recoñeza a relación contractual entre a empresa arrendadora de *leasing* financeiro e o solicitante (arrendatario) da axuda, en que se recollerá, ademais dos datos identificativos de ambos os asinantes, que a empresa de *leasing* é a parte encargada de realizar o pedido ao concesionario e pagar o vehículo que lle solicitou o arrendatario. Este modelo poderá ser descargado desde a propia aplicación informática cando estea habilitada.

g) A ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo adquirido.

h) O permiso de circulación do vehículo adquirido emitido pola Dirección Xeral de Tráfico.

i) Se é o caso, respecto do vehículo desmantelado:

i. "Certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo", por parte do correspondente centro autorizado de tratamento de vehículos (CAT), en nome da

Dirección Xeral de Tráfico ou, na súa falta, informe do Rexistro Xeral de Vehículos da correspondente xefatura provincial de Tráfico que acredite a baixa definitiva.

ii. Anverso e reverso da ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo desmantelado onde conste a data da última inspección técnica de vehículos e a súa data de caducidade, de maneira que a inspección técnica estea vixente cando menos na data de publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e fotocopia do permiso de circulación do vehículo onde conste a súa data de primeira matriculación, data de matriculación en España e data de expedición. Na falta de calquera destes documentos, achegarase o informe da Dirección Xeral de Tráfico co historial do vehículo.

iii. Recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica do vehículo desmantelado, debidamente aboado, cando menos desde o exercicio de 2019.

j) En caso de *renting* ou *leasing* operativo, ademais dos documentos solicitados, se é o caso, nas anteriores letras a), b), c), d), e), f), g), h) e i) do presente punto, achegaranse:

i. Contrato de *renting* ou *leasing* operativo, onde figure como arrendatario deste o beneficiario final da axuda. O devandito contrato deberá ter sido suscrito con data igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020 e terá que recoller, expresamente, que o arrendatario será o beneficiario da axuda do Plan Renove 2020, así como a aplicación do total da axuda outorgada á redución das cotas ou renda do arrendamento que deba satisfacer o dito arrendatario. Ademais, incluírase expresamente que a empresa de *renting* repercutirá o total da axuda nas cotas do arrendatario que queden por aboar con efectos desde a data en que a empresa de *renting* reciba o importe da axuda. En caso de que o importe da suma das cotas por aboar sexa inferior ao importe da axuda, o contrato de *renting* deberá recoller tamén a forma e o prazo de aboamento do excedente ao destinatario último, na finalización do contrato de arrendamento.

ii. Documento de cesión do dereito de cobramento a favor da compañía de *renting* que formalice a operación, asinado polo destinatario último da axuda.

Non será necesario achegar a documentación indicada na letra a) sempre e cando o interesado preste o seu consentimento expreso na solicitude de axuda para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o Sistema de verificación de datos de identidade establecido na Orde PRE/3949/2006, do 26 de decembro, pola que se establecen a configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao sistema de verificación, conforme o disposto polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

3. Toda a documentación xustificativa que se debe cargar na aplicación deberá ser coherente co indicado na solicitude inicial de axuda ou, se é o caso, proceder á anulación da solicitude orixinal e realizar unha nova solicitude. A presentación de documentos en branco ou de documentos distintos aos requiridos poderá ser motivo de denegación da solicitude.

4. A presentación da documentación xustificativa referida nos puntos precedentes non obsta a eventual aplicación de controis ulteriores para verificar a efectiva existencia e condicións da adquisición obxecto da axuda.»

Disposición derradeira primeira. *Obrigacións tributarias.*

As axudas recibidas como consecuencia do Programa Renove 2020 están suxeitas á Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non

residentes e sobre o patrimonio, polo que se deberá incluír o importe da axuda pública recibida en 2021 na epígrafe: «Ganancias patrimoniais» da correspondente declaración. Só se deberán incluír os importes das axudas recibidas polo Estado e non se considerarán para o seu cálculo os descontos realizados, se é o caso, polo concesionario.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de outubro de 2020.–A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.